

A hand pointing upwards with a network diagram overlay. The background is a solid blue color. A hand is shown in a light blue tone, pointing upwards with the index finger. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a small silhouette of a person. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

PLAN DIXITAL

CEIP Couceiro Freijomil

[Versión 1.0_ xuño 2022]

12/06/2022

Índice do Plan Dixital

Introdución	3
Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	4
Breve xustificación do mesmo	5
Proceso de elaboración	5
Situación de partida.....	7
Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	7
Fontes empregadas para a análise DAFO	9
Análise DAFO	11
Plan de Acción	15
Obxectivos, indicadores e accións	15
Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	19
Avaliación do plan.....	21
Difusión do plan.....	22

Introdución

O colexio de Educación Infantil e Primaria Couceiro Freijomil, está situado na rúa do Peirao s/n do concello de Pontedeume, provincia de A Coruña, sendo este de titularidade pública.

Os datos de contacto do centro así como a web do mesmo son os seguintes:

- Tfno: 881930480
- Correo electrónico: ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.gal
- Web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcouceirofreijomil/>

No centro durante o curso 2021/2022, na data de elaboración deste documento contamos con 356 alumnos matriculados, 99 en Educación Infantil e 257 en Educación Primaria. Por outra banda o claustro do centro está formado por 30 mestres e mestras.

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Musical
- Educación Física
- Lingua estranxeira inglés
- Lingua estranxeira francés
- Relixión
- PT
- AL
- Orientadora

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

En canto á realidade sociocultural e económica do contexto no que se atopa o centro podemos destacar que o alumnado corresponde a un medio semi-urbano cun nivel socioeconómico medio e medio-baixo; aínda que a situación vivida recentemente (COVID-19), repercutiu negativamente na contorna. **Parte da economía** de Pontedeume oriéntase ao sector primario no que destacan a pesca de baixura, o marisqueo, a agricultura e a gandería.

En Pontedeume non hai moitas industrias. Entre as máis importantes están: leite Celta, Einsa, que se dedica á edición de libros, revistas, folletos, etc... invernadoiros Trigo, Fertri, Madeiras Mendaña e Regueiro... Boa parte dos habitantes de Pontedeume viven do pequeno comercio, do turismo e do sector servizos.

Coa implantación do presente plan se mellore a coordinación entre o profesorado do centro, aproveitando os medios dixitais dispoñibles e, en maior medida, as posibilidades que nos brindan. Tamén buscamos que o alumnado sexa quen de empregar as contornas dixitais e desenvolverse con seguridade.

Cabe mencionar que está relacionado a nivel global coa vida a nivel xeral, xa que os dispositivos móbiles e ordenadores son inherentes á vida das nosas alumnas e alumnos. Podemos observar como en maior medida se relaciona co alumnado e profesorado que está a participar en E-dixgal e Abalar polo cal todos e todas pasarán nalgún momento.

Búscase así que durante o curso 22/23 estas actividades faciliten e axilicen o proceso educativo, tanto para o profesorado como para o alumnado, permitíndolles desenvolverse de forma eficiente e segura a ambos.

Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Polo tanto podemos dicir que este documento é a ferramenta se atopa enmarcado nos seguinte contexto legislativo.

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE)
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

Segundo a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 ao longo do curso se establecerían as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo esta resolución cada centro dentro da súa autonomía elaboraría o documento do Plan Dixital como referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

Para a súa elaboración, analizouse a realidade do noso centro en relación ao uso de tecnoloxías dixitais. Este análise se levou a cabo durante o primeiro trimestre. Unha destas ferramentas de autoavaliación que se empregou é a chamada SELFIE, da Comisión Europea, deseñada para axudar aos centros educativos a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia; no aprendizaxe e na avaliación do alumnado. coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE).

De xeito complementario, se aplicou o Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD). O profesorado realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permitiu obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2). Así mesmo, xerou un Informe de Centro, co fin de mostrar resultados representativos.

A partir do informe da primeira das ferramentas: SELFIE, contamos cun informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) o cal permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

Por outra banda o informe Individual do test CDD permitiunos avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No CEIP Couceiro Freijomil presentamos coa seguinte infraestrutura dixital:

Páxina Web

Existe unha páxina Web do centro onde toda a comunidade pode ter acceso á información relacionada co centro educativo que alí se comparte: períodos de matrículas, protocolo de adaptación COVID 19; Axudas para o alumnado con NEE, axudas para fondo libros..., blogs de aula, acceso aula virtuais de cada nivel...

Espazo Abalar

Para conseguir unha maior comunicación cos diferentes sectores da nosa comunidade educativa, todos os/as docentes, equipo directivo e unha gran porcentaxe de familia empregamos espazo Abalar. Esta plataforma non só serve para dar mensaxes relacionadas cun só grupo/nivel se non que tamén permite difundir información importante, a unha gran porcentaxe das familias que teñen acceso a esta plataforma. Por suposto, para aquelas que, por diferentes motivos deciden non empregar esta canle, se lle ofrece por outras vías de comunicación.

No centro realizamos toda a xestión a través das plataformas da Consellería: Xade, Contratos-Programa, Portal do Director, uso do correo electrónico corporativo da Xunta para comunicacións internas e externas, envío de documentación a través de Xuntarquivos, xestión da Biblioteca Escolar a través do programa Meiga (Koha) para o empréstimo, Aulas Virtuais, E-Dixgal, FPROFE...

Todas as aulas contan con lousa dixital e ordenador. Co alumnado de 5º e 6º se emprega E-dixgal. Cada neno/a ten o seu equipo portátil ao igual que os mestres/as que imparten clase neses cursos. O profesorado organiza, seguindo uns criterios pedagóxicos e metodolóxicos, materiais e recursos didácticos estruturados para o aprendizaxe do alumnado, dentro dun proceso planificado e organizado.

O servizo Premium é o encargado de resolver as incidencias relacionadas cos dispositivos empregados polo alumnado de E-dixgal.

A biblioteca de centro conta con 6 equipos de mesa, un deles cambiado en maio do 2022. Este se emprega para facer empréstimos a través do programa Meiga. Porén se está a facer o traspaso ao novo programa Koha que substitúe ao primeiro. Preténdese a súa

posta en marcha no vindeiro curso 22/23. Debido á pandemia restrinxíuse o uso de tabletas (con certas limitacións tecnolóxicas, xa que dispoñen de sistemas operativos con certo desfase, o que limita a descarga de novos programas e apps de interese) que eran empregadas polo alumnado non só como fonte de información se non tamén para poder disfrutar, a través de diferentes app específicas, dos libros de realidade aumentada cos que conta a nosa biblioteca.

O centro educativo dispón dunha aula informática onde, a día de hoxe, só están operativos 8 ordenadores xa que durante este curso moitos deles deixaron de funcionar por diversos motivos. A sala de mestres e mestras conta cun total de 3 ordenadores.

O curso 20/21 contouse cunha dotación de ordenadores que foron empregados para dar servizo ao alumnado que estaba coretenado durante a pandemia. Coa nova situación relacionada coa mesma, a Consellería permite o uso destes dispositivos para o bo funcionamento do centro.

A conectividade do centro é moi inestable. Danse moitos erros na mesma, chegando a afectar ao desenvolvemento do traballo nos equipos dos nenos e nenas que empregan E-dixgal. Os equipos que emprega o profesorado nas aulas precisan conexión cableada para acceder a internet.

Por outra banda destacamos que hai unha considerable de profesorado interesado en formarse en robótica. Polo que a raíz deste PFPP contamos con certa dotación de material para o desenvolvemento do mesmo. A pesar da que este é o segundo ano de formación, e o número de recursos é maior que o pasado; gustaríanos que estes se visen aumentados.

Do mantemento do equipamento do centro é responsable unha empresa chamada GVT que unha vez á semana visita o centro para solucionar os problemas cotiáns que se dan nos diferentes dispositivos. Ademais nos subministra produtos de informática e de ofimática de primeira necesidade que non cubre a Consellería.

Por outra banda contamos coa Unidade de Atención a Centros para dar solución a determinados problemas de conectividade. Cando é necesaria a solicitude de dispositivos novos cando hai incremento da matrícula nos curso de E-dixgal contamos co Servizo Premium.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Inclúese, a continuación, un resumo das áreas do informe SELFIE realizado no centro, que nos permite observar, dunha ollada, a media das respostas de cada un dos tres grupos participantes nas oito áreas avaliadas:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A –Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.4
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.1
	Alumnado	4

Outra fonte de información foi o Test de Competencia Dixital Docente (CDD), realizado polo profesorado. A participación, atendendo ao seu perfil foi a seguinte:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	23	52.2
PROVISIONAL	3	3	100
INTERINO	4	4	100
SUBSTITUTO	2	3	100
OUTROS	1	2	50

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66.6	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	63	Explorador (A2)	76.4	Integrador/a (B1)
Prim.	72.2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	12	54.5
B1	8	36.4
B2	2	9.1
C1		
C2		
TOTAL	22	100%

Análise DAFO

A información que aparece neste apartado é froito dunha análise e comparativa do SELFIE e do TCDD, así como da realidade e outros aspectos observables no centro.

Así pretendemos que os aspectos aquí reflexados sexan puntos clave para obter as raíces e bases da elaboración do Plan Dixital, facendo unha análise o máis obxectiva posible, pero sen deixar de valorar a realidade subxectiva na que se enmarca o centro.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none">1- Boa conexión á rede2- Disponibilidade dun aula de informática.	<ol style="list-style-type: none">1. descoñecemento dos riscos, por parte do alumnado, que supón ser o "responsable" final dos dispositivos.2. Inestabilidade da conexión3. Dispositivos obsoletos na aula de informática o que dificulta o uso funcional da mesma.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none">1- Busca e selección de contados e recursos dixitais para favorecer o proceso de E-A.2- Aprendizaxe profesional a través das tecnoloxías dixitais (orixinada pola situación pandémica vivida). Aínda que se continúa tendo preferencia pola presencialidade.3- Certa aptitude para crear recursos dixitais que apoiem o proceso de E-A4- Predisposición para a creación de recursos dixitais para mellorar o proceso de E-A.5- Implicación no desenvolvemento xeral de actividades propostas.	<ol style="list-style-type: none">1- Rexeitamento do profesorado cara ao uso das novas tecnoloxías2- Baixa capacidade para resolver problemas técnicos".3- Escaso pensamento computacional.4- Pouca capacidade para reflexionar sobre a propia práctica profesional en canto o uso das novas tecnoloxías.

PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> 1- Boa capacidade(conserxe) para solucionar problemas relacionados coas novas tecnoloxías, a pesar de non estar dentro das súas funcións. 2- Predisposición e boa actitude cara ao uso das novas tecnoloxías 3- Contamos coa figura do administrativo. Conta cun gran coñecemento de programas internos importantes para o desenvolvemento das actividades no día a día do centro educativo (matrícula, altas e baixas do persoal docente e non docente...). O que axiliza o funcionamento do mesmo. 	<ul style="list-style-type: none"> 1- Falta de tempo para a resolución de todos os incidentes que xorden no centro (conserxe).
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> 1- 1.- Motivación e interese polas novas tecnoloxías. 2- Presentación de coñecementos previos e básicos no uso das novas tecnoloxías ao estar en contacto cos mesmos desde idades temperás 	<ul style="list-style-type: none"> 1- Pouco compromiso activo do alumnado coa súa propia aprendizaxe (visita de páxinas non axeitadas á súa idade ou no momento que non corresponde...) 2- Brecha dixital presente no seu entorno familiar.
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> 1- Bo uso da comunicación co centro. 	
OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> 1- Programa de “madrugadores” 2- Comedor escolar 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> 1- Promoción de actividades complementarias dentro do centro: Magosto, peón, entroido, maíos, nadal, letras galegas, semana da poesía, 	<ul style="list-style-type: none"> 1- Non existe unha boa estratexia dixital 2- Bo coñecemento dalgúns recursos dixitais para cooperar, colaborar e compartir información. Pero

		<p>EUMEOlimpiadas, actividades na praia...</p> <p>2- Múltiples propostas dende a biblioteca escolar.</p>	<p>ausencia de tempo para levalo a cabo</p>
--	--	----------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Facilita a formación do profesorado.</p> <p>Entrega dispositivos para o alumnado en risco.</p>	<p>Dificultade para acceder a novos dispositivos</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1- Promoción do uso das novas tecnoloxías</p> <p>2- Facilitade de acceso ás novas tecnoloxías (non a nivel práctico)</p>	<p>1- Promove o uso das novas tecnoloxías, facendo responsable ao alumnado e familias responsables finais dos dispositivos.</p> <p>2- Certas ambigüidades na interpretación da lexislación vixente. Existindo a promoción das novas tecnoloxías nas mesmas mais non se dan facilidades nin ás familias, nin ao alumnado nin ao profesorado.</p>
	CONTORNA	<p>1- Xestión do comedor escolar, pequenos obradoiros ao inicio do curso. Destacar que previamente á pandemia a colaboración por parte da ANPA era superior. Estimamos que unha vez superada a situación se retome a promoción de actividades, organización de talleres etc. Xa que as actividades non dependían da ANPA senón da situación sanitaria.</p>	
	ANPA	<p>1- Gran oferta de actividades deportivas, culturais e formativas (robótica, cociña, judo, xadrez...)</p>	<p>1- Imposibilidade de acceso ás actividades citadas anteriormente, por parte de</p>

			familias en risco social e/ou económico.
	OUTRAS ENTIDADES	1- Promoción por parte do concello de actividades, talleres, exposicións, obradoiros etc.	1- Falta de dotación económica na area de educación. Isto é debido a que en comparativa con concellos lindeiros, a pesar do tamaño do concello a aportación da que dispoñen ten que ser repartida entre os 5 centros educativos da zona.

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": Colaboración e redes (B3)						
1. OBXECTIVO (1):	Empregar diferentes recursos dixitais para cooperar, colaborar e compartir a información.				Acadado	
2.						
RESPONSABLE:	Coordinador do ciclo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades que se intercambian durante o curso					
Valor de partida (3)	0 actividades compartidas de forma "dixital" durante o curso.					
Valor previsto e data (4)	8 actividades compartidas entre infantil e os 3 "ciclos" de primaria			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar ao profesorado no uso axeitado de plataformas para compartir e almacenar contidos	Equipo tics	15/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado capacitado para a formación. - Persoal con formación (CFR) para a instrución e oferta de formación. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Seleccionar a plataforma a empregar para compartir información, actividades e documentos relativos ao proceso de E-A	Coordinador de ciclo	22/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun "rendemento" fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Descubrir as posibilidades que brinda a plataforma e explorar os usos da mesma.	Coordinador de ciclo	28/02/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun "rendemento" fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Uso operativo e	Equipo de nivel	15/06/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado 		Realizada	

funcional da plataforma. Para compartir polo menos 2 actividades.			cun "rendemento" fluído. - Conexión á rede.		Aprazada	
					Pendente	
"Área/s de mellora": comportamento responsable do alumnado (H1 e H3)						
1. OBXECTIVO (1):	Recoñecer os riscos e perigos que conleva un mal uso dos medios dixitais (RR.SS., plataformas de vídeo...)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador de nivel (5º e 6º de primaria)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Evitar o mal uso das tecnoloxías (acceso a páxinas web non axeitadas, ciberacoso, riscos das contornas tales como redes sociais...)					
Valor de partida (3)	0 programas de uso seguro dos ordenadores e móbiles.					
Valor previsto e data (4)	Participar nun programa de uso seguro da rede.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Establecer un grupo de persoas responsables de xestionar o proceso	Coordinador TICS	30/09/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun "rendemento" fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: AO1.2: Busca de programas para asesorar ao alumnado e o profesorado acerca do correcto uso das redes.	Equipo de traballo	30/10/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun "rendemento" fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Participación do profesorado no curso de formación, para a instrución e no uso seguro das contornas na rede.	Equipo de traballo	23/12/2022	<ul style="list-style-type: none"> - Persoal con formación para instruír ao profesorado (interno ou externo) 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A01.4: Participación do alumnado, para o uso seguro dos dispositivos e redes.	Equipo de traballo	28/02/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Dispositivos da aula de informática - Dispositivos e-dixgal (alumnado) Ordenador do profesorado cun “rendemento” fluído. - Conexión á rede. 		Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Elaboración ou busca dun documento para avaliar o procedemento	Equipo de traballo	31/03/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun “rendemento” fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.6: Avaliación da actividade por parte do alumnado e do profesorado.	Equipo de traballo	31/05/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Ordenador do profesorado cun “rendemento” fluído. - Conexión á rede. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O noso centro precisa dunha renovación case integral dos dispositivos electrónicos posto que a maioría están obsoletos, con baixo rendemento e o seu uso non é nin funcional nin operativo.

Con dispositivos electrónicos facemos referencia, non só a ordenadores, se non tamén ás lousas dixitais do centro e as tabletas. Na actualidade existen dispositivos máis actualizados que ofrecen alternativas e posibilidades que favorecerían o desenvolvemento e posta en marcha de metodoloxías educativas máis avanzadas.

Ademais, é necesaria unha mellor conectividade en todo o centro que asegure un acceso rápido a internet facilitando non só o desenvolvemento da labor docente se non tamén o acceso do alumnado ás plataformas que teñen á súa disposición para poder levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe de maneira satisfactoria.

Biblioteca

- Contamos con 6 ordenadores na biblioteca. Un deles funciona con relativa fluidez, mentres os outros 5 están obsoletos e en mal estado con datas de fabricación anteriores ao ano 2010. Todo isto dificulta en gran medida o traballo cos mesmos.

Aula de informática

- Contamos con 15 ordenadores de sobremesa. Todos teñen conexión por cable á rede. Igual que ocorre cos dispositivos da biblioteca a data de fabricación é anterior ao ano 2010. Limitase así en gran medida o uso por parte do alumnado debido ás dificultades que isto supón.

Aulas de educación primaria E-dixgal (5º e 6º)

- Nas aulas E-dixgal existe unha boa dotación de recursos informáticos e de recente fabricación o que facilita o uso dos mesmos. Así mesmo o profesorado dispón de conexión cableada (ethernet)

Pola contra, e debido a que son as primeiras aulas que se dotaron, a conexión a rede (vía Wi-Fi) faise a través dos AP (puntos de acceso) máis antigos. Isto

provoca que en moitas ocasións e cando todo o alumnado se atopa conectado se produza certa inestabilidade e/ou desconexións.

Aulas de educación primaria

- En primaria os ordenadores do profesorado, agás 1ºB e os cursos que están adscritos a E-dixgal, son moi antigos e dificultan en gran medida o traballo cos mesmos. O mesmo sucede cos taboleiros dixitais que requiren dun calibrado permanente.

Aulas de educación infantil

- Cada unha das aulas conta con un ordenador de sobremesa, xunto cunha lousa dixital. Todas as aulas están conectadas de forma cableada (ethernet).

Nas aulas de 4º de infantil falla a lousa dixital, requirindo un calibrado a diario. Na clase de 4º de infantil A, nestes intres a función táctil está avariada.

- Nas aulas de 6º de infantil topamos os seguintes erros: No grupo A o ordenador non funciona tendo que ser reiniciado constantemente. No grupo B nin o taboleiro dixital nin o ordenador se atopan operativos, dando erros e sendo necesario o reinicio.

Dirección, xefatura e administración.

- A pesares de contar con ordenadores máis novos, a gran carga a que se ven sometidos require doutros dispositivos máis modernos para o traballo ao que están “sometidos”.

Aula de psicomotricidade

- Na aula de psicomotricidade hai un ordenador que tarda máis de 30 minutos en iniciarse e abrir o navegador. O mesmo sucede en cando ao taboleiro dixital, xa que a operación táctil non está operativa.

Sala de mestres

- Hai 3 dispositivos de sobremesa, dos cales 2 dan erros de forma frecuente, aínda que co soporte informático é suficiente para solucionalo.

Concluindo este apartado consideramos necesaria a renovación do seguinte material. Reparación e/ou renovación de 14 taboleiros dixitais.

Dotación de 13 ordenadores portátiles para o profesorado nas aulas de educación primaria e educación infantil, xunto coas aulas de PT e AL.

Tamén sería interesante actualizar os ordenadores da aula de informática e da biblioteca para o uso do alumnado. Na actualidade contamos con 17 ordenadores, dos cales xa informamos do seu estado en apartados anteriores. Polo tanto requirimos a renovación de todos eles e de existir a posibilidade cremos que contar con dispositivos portátiles facilitaría o uso dos mesmos, permitindo o ser empregados na aula de informática como fora de ela.

Na actualidade o centro atópase inmerso nun programa de robótica así como no PLAMBE polo tanto consideramos que actualizar o inventario de tabletas (contamos con 5 no centro) é imprescindible xa que o sistema operativo está obsoleto.

Unha vez feita esta análise, como se pode comprobar, a demanda é necesaria posto que o centro participa en múltiples actividades e cremos que o material que aquí se menciona é necesario para a consecución do plan.

Avaliación do plan

O Seguimento do Plan de Acción O presente Plan Dixital leva inherentes uns indicadores de logro e uns obxectivos específicos para ser levados a cabo á práctica con carácter anual. Deste modo, faremos un seguimento do seu cumprimento, o cal nos dará como resultado unha avaliación dos progresos de dito plan.

Durante todo o proceso levarase a cabo unha avaliación. Ao inicio do curso comezarase cunha valoración do traballo. Será unha avaliación previa e unha análise que servirá para considerar se ao inicio do curso o proceso do Plan Dixital se pode levar a

cabo segundo o establecido. Isto é debido á natureza dun claustro e equipo directivo diferente ao que iniciou este proxecto.

Durante o procedemento a avaliación procesual seguirase o establecido durante a formación e elaboración deste documento. Así debemos valorar o estado de execución de cada unha das accións que se poden comprobar no apartado anterior, valorando se se están acadando en tempo e forma.

Poderemos así, en base aos resultados obtidos, valorar posibles modificacións e/ou propostas de mellora.

En canto á valoración final, ao finalizar o curso académico, tomaremos de novo as táboas anteriores, valorando non só se estes foron conseguidos, senón se os obxectivos foron alcanzables e encamiñar esta valoración cara posibles “novos” obxectivos.

Difusión do plan

A estratexia que se utilizará para a difusión deste Plan Dixital entre a comunidade educativa consistirá en incluílo na páxina web do centro e informar ás familias do alumnado da existencia do mesmo empregando a plataforma de Abalar e difundir o enlace que facilite a súa consulta.